ACONTECEMENTOS DO ANO

A redacción do *Anuario Brigantino* agradece a colaboración especial para este apartado dos correspondentes locais de *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *La Opinión, El Correo Gallego*, *Betanzos e a súa Comarca*, *El Metropolitano, As Mariñas,* <http://novas.betanzos.es>

Betanzos baleiro, coa xente pechada nas casas, debido á pandemia do virus COVID-19. Foto: Alfredo Erias, 29-03-2020.

2 de xaneiro de 2020
Dentro dos actos de Nadal organizados polo concello, tiveron lugar as xornadas de convivencia coa terceira idade na Residencia García Irmáns, participando a Banda Municipal de Música.

13 de xaneiro de 2020
Concello e Deputación avanzan na recuperación do estanque do Retiro do Pasatempo, unha vez que o proxecto recibiu a autorización de Patrimonio. A alcaldesa, María Barral Varela, entregoullo ao presidente provincial, Valentín González Formoso, tendo en conta que as dúas institucións teñen reservados para o mesmos 750.000 euros.

5 de xaneiro de 2020
Celebrouse, dentro dos actos de Nadal organizados polo concello, a Cabalgata das SS. MM. os Reis Magos de Oriente que recibiron aos nenos na Aula de Cultura Xulio Cuns.

18 de xaneiro de 2020
Tivo lugar un concerto do Coro Universitario Senior do Campus de Ferrol-UDC sobre a figura de Torrente Ballester.

22-26 de xaneiro de 2020
Betanzos estivo presente na Feira Internacional de Turismo de Madrid, FITUR, onde se mantiveron contactos con axencias de operadores turísticos, autoridades e betanceiros residentes en Madrid. Nesta liña, o concello organizou na taberna Garelos, do chef betanceiro, Antonio Couceiro, unha xuntanza con *bloggers* do mundo turístico e gastronómico aos que se lles mostrou, paso a paso, como se fai a famosa tortilla de Betanzos.

25 de xaneiro de 2020
No Edificio Liceo tivo lugar un concerto didáctico para nenos e as súas familias por conta da *Cooperativa Miudinho*, dentro do programa *Sábados miúdos* organizado polo Concello.

27 de xaneiro de 2020
Organizado polo Concello e dirixido aos alumnos do IES As Mariñas tivo lugar o Obradoiro de poesía e escrita creativa «Construíndomos na escrita» por conta das escritoras galegas Antía Otero e Dores Tembrás e do colectivo Apiario.

Xaneiro de 2020
O modisto betanceiro Jorge Vázquez presentou con éxito a colección na *Mercedes Benz Fashion Week* de Madrid iniciando unha nova etapa na súa carreira como director creativo de Pertegaz.

Foto: EFE

Xaneiro de 2020
Na Biblioteca Municipal de Betanzos A. Castelao tivo lugar a exposición temática sobre «O mundo dos Bolechas».

6 de febreiro de 2020
A Xunta de Galicia declarou Ben de Interese Cultural ó parque do Pasatempo.

7 de febreiro de 2020
Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a presentación do libro *Historia e recuperación do Entroido de Samede* do que é autora Emilia Cagiao. O acto foi organizado por Roxín Roxal.

9 de febreiro de 2020
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a presentación do videoclip do novo traballo discográfico «Cordame», por conta do grupo *Fiandola*.

13 de febreiro de 2020
Na igrexa conventual de San Francisco tivo lugar un concerto do magnífico barítono italiano, Leo Nucci, organizado polo Concello como acto final dos actos do 800 aniversario do traslado da cidade desde Tiobre ao Castro de Untia en 1219. A actuación foi retransmitida pola web municipal.

Arume

Arume

Febreiro de 2020
Ao longo deste mes desenvolveuse na Aula de Cultura Xulio Cuns o XI Encontro de Teatro Afeccionado de Betanzos, organizado pola *Agrupación Teatral Mariñán* e o Concello de Betanzos. Contou coas representacións seguintes: «Un, dous, tres», interpretada pola compañía *Teatro Carauta* (Santiago de Compostela); «Fatum», pola Compañía *O Catre Teatro* (As Pontes); «Dúas portas e un segredo», pola compañía *Disfunción Continua Teatro* (A Estrada); «Última cea», pola *Asociación Teatral Fauna 113* (Vigo); «A farsa de Maître Pathelin», pola compañía *Tiruleque* (O Carballiño).
Febreiro de 2020
Ao longo deste mes desenvolvéronse varios actos para conmemorar o aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, organizados polo Concello coa colaboración dos centros de ensino e a Asociación Cultural *Eira Vella*, nos que participaron Dores Tembrás do colectivo *Apiario* e os actores Diego Freire e Ana Ponte, de *Producións Dispersas*.
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a lectura de poemas por parte do alumnado dos centros de ensino de Betanzos e representantes de distintas asociacións e entidades.
Completáronse os actos cunha mostra bibliográfica na Biblioteca Municipal Castelao e coa colocación de algúns dos seus poemas nos balcóns dos principais edificios municipais.
Febreiro-marzo
Celebráronse no cine Alfonsetti os dous ciclos de cine dedicados a público infantil e adulto, organizado polo Concello.

Febreiro de 2020
Saíu na prensa que o músico betanceiro, Lucas Blanco asinou un contrato para ser a imaxe dunha coñecida marca rusa de guitarras.

16 de febreiro de 2020
Na igrexa de Santa María do Azougue, organizado polo Concello, tivo lugar un concerto do guitarrista betanceiro Javier Ares Yebra.

16-24 de febreiro de 2020
Desenvolvéronse ao longo destes días os festexos do Antroido na cidade, con festas infantís, verbena popular coa orquestra Fania Blanco Show, rematando coa queima da sardiña no río Mandeo.
Marzo-abril de 2020
Na Biblioteca Municipal de Betanzos tivo lugar a exposición bibliográfica de Anxo Fariña.
Marzo de 2020
Ao longo deste mes conmemorouse o Día Internacional da Muller con varios actos como unha exposición fotográfica, o ciclo de charlas para «Muller e igualdade», «Sensibilización en igualdade de oportunidades», a visita guiada «Betanzos en feminino» que percorreu puntos da cidade relacionados coa muller, así como diversos actos programados nos centros educativos da cidade.

5 de marzo de 2020
Tivo lugar no Edificio Liceo, dentro do IX Ciclo de Conferencias do Anuario Brigantino, organizado polo Concello de Betanzos e coordenado por Alfredo Erias e Ángel Arcay, a titulada «De idas e voltas: as migracións galegas das américas e o seu impacto nas dúas beiras» por conta da profesora da Univ. de Santiago, Pilar Cagiao Vila. As demais conferencias do ciclo foron suspendidas polo cese de actividades debido á pandemia do virus denominado Covid-19.

6 de marzo de 2020

Organizado pola Asociación Cultural Roxín Roxal, tivo lugar no edificio Liceo a presentación do libro «A gran travesía de Chiruca Macallás» do que é autor Xurxo Souto.

7 de marzo de 2020

Dentro dos actos programados polo Concello con motivo do Día Internacional da Muller tivo lugar no Edificio Arquivo a XVI Xuntanza de Labores Artesanais, organizada polo Concello de Betanzos e as Mulleres da Condesa.

8 de marzo de 2020

No Edificio Liceo tivo lugar a entrega do XII Premio Úrsula Meléndez de Texeda, englobado dentro dos actos programados polo Concello con motivo do Día Internacional da Muller, que este ano foi para a Asociación contra o Cancro de Betanzos.

14 de marzo a 21 de xuño de 2020...

Nestes días e dentro dunha situación que ninguén recordaba, todo o planeta é vítima da pandemia COVID-19, provocada polo coronavirus SARS-CoV-2. A gran maioría dos falecidos foron persoas maiores de 65 anos. Segundo o estudo de seroprevalencia ENE-COVID, un de cada dez españois estivo infectado polo virus ata novembro de 2020.

Dada a rápida propagación do virus, **o 14 de marzo o Goberno español decretou un estado de alarma en todo o territorio nacional** e, amparado por esta medida, limitou a libre circulación dos cidadáns a actos esenciais como a adquisición de alimentos e medicamentos ou ir a centros médicos ou ao lugar de traballo, o que implicou o **confinamento da poboación** nos seus lugares de residencia. O 28 de marzo suspendéronse durante quince días todas as actividades laborais presenciais non esenciais. O 2 de abril, o maior número de mortes por coronavirus nun día (950). O Congreso dos Deputados autorizaba **sucesivas prórrogas do estado de alarma** ata un total de seis veces. A partir do 28 de abril, o plan de desescalada asimétrico comezou por provincias. A mediados de xuño, España era o quinto país en número de casos confirmados, por detrás de Estados Unidos, Brasil, Rusia e Reino Unido, e o sexto en número de mortos, por detrás de Estados Unidos, Brasil, Reino Unido, Italia e Francia. O 21 de xuño, despois de 98 días, caducou o estado de alarma e España entrou na chamada **"nova normalidade"**. Pero durante todo o verán multiplicáronse os brotes en diferentes partes do país e 21 de outubro España superou o millón de infectados. **O 25 de outubro, o Goberno volveu decretar o estado de alarma** para afrontar a segunda onda de infeccións. Estableceuse o toque de queda nocturno, deixando as medidas de contención en mans dos gobernos autónomos. Catro días despois, o **Congreso aprobou prorrogar o estado de alarma ata maio de 2021**. **O 27 de decembro de 2020 comezou en España a campaña de vacinación** coa vacina Pfizer e BioNTech, unha semana despois de ser aprobada pola Axencia Europea do Medicamento e a Comisión Europea.







Venres 17 e 18 de xullo de 2020
Desenrolouse nestes días o IX Festival BetanJazz+ coa participación dos grupos: *La Banda del Ferni* e do *Grupo Udra*.

24 de xullo 2020
Na praza da Constitución tivo lugar o XXIV Festival de Folclore Día de Galicia co concerto do Grupo Untia - Música Tradicional da Escola Municipal de Folclore do Concello de Betanzos.

30 de xullo-1 de agosto de 2020
Desenrolouse ao longo destes días o V Festival de Artes Escénicas na Rúa «Vai de rúa», organizado polo concello coa colaboración da Deputación da Coruña. Participaron nesta edición: *O señor Lili* co espectáculo da «Lilicleta»; o músico César Freiría co seu espectáculo «Cé Orquestra Pantasma»; Compañía Jano Costa con «Jano sen Medidas»; a Compañía Antón Couceiro con «Sonámbulo»; *Capitán Garfo* co seu espectáculo musical «Cociñando música», *Pajarito* coa «A vida tola»; Compañía *Entremans* con «Iceberg» e a Compañía Mago Martín Camiña con «Ilusións musicais».

7 de agosto de 2020
Na praza da Constitución tivo lugar o concerto do Grupo *Happy Gospel*, dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña

11 de agosto de 2020
Na praza da Constitución celebrouse o concerto do Grupo *Vatapá*, dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC

13 de agosto de 2020
No Auditorio do Pasatempo tivo lugar o Concerto Cidade de Betanzos, coa actuación da Banda Municipal de Música de Betanzos coas actuacións de Rosa Cedrón, Paco Lodeiro e Miguel Ladrón de Guevara.

14 de agosto de 2020
A alcaldesa, María Barral Varela, entregou os premios «Garelo especial 2020» ás seguintes entidades e persoas: Asemblea Comarcal Cruz Vermella Betanzos, Daniel Rodríguez Vázquez (Deportes), Agrupación Teatral Mariñán (Cultura) e Bodegas Rivas (Comercio e Industria).

16 de agosto de 2020

As festas de San Roque tiveron este ano un tinte moi especial, íntimo e familiar, porque non se fixeron actos masivos, debido á pandemia polo virus COVID-19. E neste día 16 tan sinalado, sen música, sen danzas e sen Globo (tampouco habería os Caneiros dos días 18 e 25), na Sala Capitular do Concello tivo lugar un acto de homenaxe ó Globo de Betanzos, presidido pola alcaldesa María Barral Varela e personalizado nos irmáns Jaime i Emilio Pita Varela (que asinaron no Libro de Ouro da Cidade) e na súa familia, que lanza o Globo desde as últimas décadas do século XIX.

Función do Voto (16 de agosto)
Señor San Roque:

É a terceira vez que estou diante de ti para cumprir co voto que, ano tras ano, desde hai séculos, o pobo de Betanzos che fai neste día. Con toda humildade e coa maior responsabilidade traio ao teu carón o seu agarimo, as súas ledicias, tamén as súas tristuras, os seus temores e, naturalmente, os seus anceios, as súas esperanzas de cara ao futuro. E, coma sempre, pídoche antes de nada que me axudes a atopar os camiños máis atinados para a miña xente.

Este ano 2020 está a ser un ano moi distinto, non só para os betanceiros e betanceiras, senón tamén para todo o mundo. Todo mudou desde o principio cunha pandemia, o Covid-19, que se expandiu rapidamente por todas partes, e que nos retrotraeu aos tempos medievais da peste negra cando ti fuches protagonista. É por iso que este ano, a Ofrenda adquire máis valor pola excepcionalidade da celebración, por enmarcarse tamén en tempos de tanta tristura, de loito e dor, así como de grandes incertezas derivadas desta pandemia, a que deixa tras de si milleiros de familias orfas dos seres queridos.

Por iso, hoxe a nosa primeira ofrenda é para lembrar ás vítimas, nas que desgraciadamente tamén se atopan betanceiros e betanceiras, aos familiares e amigos, que saiban que non as vamos esquecer e que o seu recordo aniñará para sempre nos nosos corazóns.

Todo o que está a acontecer fainos entender mellor ca nunca algunhas pasaxes da historia que de ti se conta. Por exemplo, aquela que di que, despois de nacer en Montpellier arredor de 1300, de quedar orfo e de dar a herdanza familiar ós pobres, peregrinaches a Roma e, en Toscana, na cidade de Acquapendente serviches nun hospital ós apestados, salvando a moitos deles; continuaches curando en Rímini e en Piacenza sen descanso ata contaxiarte tamén da peste nesta última cidade, retirándote inmediatamente a un bosque para non contaxiar a ninguén. Alí, di a lenda, que un canciño che levaba pan na boca e che lambía as feridas ata que sanaches. Eras un home bo, un home que deu a vida polos demais, morrendo finalmente nos anos 70 do século XIV, nunha cadea do teu Montpellier natal, acusado inxustamente de espía nun contexto bélico.

Pronto te converterían en santo e precisamente foron os dominicos os que estenderon o teu culto por todo o mundo cristián como intercesor contra a peste. E desde esta igrexa de San Domingos, precisamente, entendemos mellor ca nunca por que fuches e es un dos santos máis populares e por que a túa imaxe aparece nos retablos da maioría das igrexas e capelas.

Entendémolo porque a epidemia que asola hoxe o planeta fíxonos ver moitas persoas coma ti. A quen tamén, hoxe, quero ter presentes. Persoas e colectivos que nesta crise antepuxeron a protección e o coidado dos demais aos seus medos lexítimos, traballando sen descanso, dando o mellor de si e perdendo, en moitos casos, a súa propia vida no empeño.

Profesionais da sanidade, dos servizos sociais, de entidades como a Cruz Vermella ou Protección Civil, das forzas de seguridade, da alimentación, do transporte, da limpeza, científicos e epidemiólogos e tantos outros traballadores e traballadoras aos que lles debemos gratitude e respecto, e que propician, sen dúbida, unha fonda reflexión sobre o transcendental valor dos servizos públicos e a necesidade de dotalos e fornecelos de medios técnicos e humanos, xa que son os piares que manteñen en pé o noso Estado de Benestar.

Tampouco quero esquecerme da adaptación e superación mostrada por distintos colectivos durante os meses de confinamento, especialmente os máis vulnerables, os nosos maiores, a nosa mocidade e os nosos pequenos, quen nos marcaron unha pauta a seguir.
Mostráronnos a parte máis solidaria, quedando nas súas casas cando foi necesario, pero tamén mobilizando afectos e apoiando aos colectivos que loitaban na primeira liña.
Unha postura e determinación que volve a ser máis necesaria ca nunca. Porque esta situación pandémica continúa e o relaxamento fai que a diario aparezan novos gromos. Por iso, pido a toda a xente responsabilidade, e a ti que nos guíes nos nosos pasos e que fagas que coa túa axuda teñamos presente no noso día a día que debemos seguir alerta, que esta pandemia non pasou e sobrevive con nós, que debemos respectar as normas de seguridade para previr a saúde. Por nós e por todo o que nos rodea. E porque diso depende o noso futuro.
Vivimos tempos convulsos, herdeiros doutra gran crise aínda próxima e da que seguimos a arrastrar necesidades que condenan a moita da nosa xente. E que se suman a este momento no que debemos asumir o desafío da reconstrución dos nosos espazos e economías, xa moi danadas, pero tamén o reto de recompoñer ilusións e proxectos, cambios complexos aos que nos debemos enfrontar, nun horizonte próximo, para evitar que moitas persoas queden na rúa.
Non quería esquecerme das mulleres que morreron asasinadas pola violencia de xénero. Pido para todas as que sofren a túa protección, que a sociedade mude, e que acabemos cun machismo que non deixa medrar en igualdade de oportunidades. Pido hoxe aquí visión e valentía para dar pasos cara a esa igualdade real que poña fin, algún día próximo, ás violencias contra as nosas nais, irmás, fillas, netas e amigas.
E pídoche, como o fixen estes anos, que tamén protexas aos betanceiros e betanceiras na emigración, sufridores tamén de crises económicas, desemprego, e desta pandemia universal. Que saiban que tampouco nos esquecemos deles e que aínda que a distancia física nos separa, témolos moi presentes no noso pensamento e no noso corazón.
Remato, suplicándoche a túa axuda tamén para facer un chamamento ao entendemento e ao diálogo por parte de todas as administracións, en prol do interese xeral que sempre debe prevalecer por riba de calquera outra cuestión. Afastar a crispación, e deixar atrás a confrontación. Porque son moitas máis as cousas que nos unen e porque a sociedade reclama de nós solucións.
Aluméanos o camiño, Señor San Roque, para que, nesta hora escura, non perdamos o mellor da nosa humanidade.

Grazas

20 de agosto de 2020
Na praza da Constitución tivo lugar o espectáculo infantil e familiar do grupo A Banda do Verán co espectáculo «A Casa do terror», dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.
22 de agosto de 2020
Na Praza do Campo celebrouse un concerto do grupo *AmiZades*.
29 de agosto de2020
Na praza da Constitución tivo lugar o concerto do grupo *Odaiko Percusión* co espectáculo «Vaia circo!!», dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña.
10-28 de setembro de 2020
Tivo lugar na Sala de Exposicións Jesús Núñez a exposición do «XIV certame Isaac Díaz Pardo de artes plásticas», que se desenvolveu dentro do programa de exposicións itinerantes da Deputación da Coruña coa colaboración do Concello de Betanzos.
12 de setembro de 2020
Dentro do programa de dinamización lingüística para público infantil *Sábados miúdos*, organizados polo Concello, tivo lugar no Edificio Liceo un concerto de Pablo Díaz.
18 de setembro de 2020
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a actuación de *Elas*, dentro dos actos do III Festival Metropolitano de Música e Arte «Elas son artistas», organizado pola Deputación da Coruña e os concellos da comarca.

19 de setembro de 2020
Na Biblioteca Municipal A. Castelao tivo lugar o espectáculo de música, teatro e danza «Fío de Lúa», dirixido aos nenos e organizado polo Concello dentro do programa *Ler conta moito* da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia dependente da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.

19 de setembro de 2020
Na Aula de Cultura Xulio Cuns celebrouse un monólogo por conta de Cándido Pazó. Foi organizado pola Rede de dinamización lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística a través do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Betanzos.

25 de setembro de 2020
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a presentación do *Anuario Brigantino 2019*, n.º 42. O acto estivo presidido pola alcaldesa, María Barral, a quen acompañaba a concelleira de Cultura, Ana Veiga e o director da publicación, Alfredo Erias. A presentación correu por conta do catedrático da Universidade de Valencia e da Complutense de Madrid, ademais de académico da Real Academia da Historia, o profesor Martín Almagro Gorbea.

26 de setembro de 2020
Na Biblioteca Municipal A. Castelao tivo lugar un obradoiro para crear un podcast literario «Podcast en igualdade» dirixido á mocidade e a poboación adulta, dentro do programa Ler conta moito da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia dependente da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.

28 de setembro de 2020
Desenvolveuse o Obradoiro de poesía e escrita creativa «Construíndomos na escrita» por conta da escritora galega Dores Tembrás do colectivo Apiario para o alumnado de secundaria do IES As Mariñas. Foi organizado polo Concello de Betanzos.

2-4 de outubro de 2020
Tiveron lugar na igrexa de Santa María do Azougue tres concertos incluídos no programa «Circuítos» do Centro Nacional de Difusión Musical (CNDM) coa colaboración da Unidade Pastoral de Betanzos e do Concello. Os concertos correron a cargo do conxunto vocal *Alia Mvsica/Vox Feminae*; a formación *Schola Antiqua* e o dúo formado pola soprano galega Mercedes Hernández e o arpista Manuel Vilas.

2 de outubro de 2020
Ao longo destes días celebrouse a X Semana da Tortilla de Betanzos, organizada polo Concello e no que participaron 19 establecementos. O evento contou coa colaboración da casa de refrescos Coca-Cola quen premiou aos escollidos entre os participantes na votación. O premio á mellor tortilla recaeu no restaurante *Sinuesa*. O premio de votación popular foi para o *bar Galicia*.
2-16 de outubro de 2020
Na Sala Jesús Núñez puido verse a exposición de fotoxornalismo galego titulada *Galicia en Foco* na súa 28.ª edición, foi organizada polo Club de Prensa de Ferrol.
10 de outubro de 2020
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Vida de cans» interpretada pola compañía *Talía Teatro*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC
23 de outubro de 2020
Vinte empresarias que abriron o seu negocio en Betanzos no 2019 recibiron o distintivo por parte do Concello de «Muller emprendedora» nun acto presidido pola alcaldesa, María Barral coa presencia de varios concelleiros.

24 de outubro de 2020
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «O meu mundo non é deste reino» interpretada pola compañía *Teatro da Ramboia*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC

Outubro de 2020
A Deputación Provincial aprobou destinar á recuperación do parque do Pasatempo 420.000 euros. O presidente da Deputación, Valentín González Formoso e a alcaldesa, María Barral visitaron o parque, acompañados do vicepresidente provincial, Xosé Regueira, e o portavoz do Goberno provincial, Bernardo Fernández, xunto a varios concelleiros e o arquitecto Xan Casabella.

31 de outubro de 2020
Celebrouse o Día das Letras Galegas que este ano estivo dedicado a Carvalho Calero, ante a imposibilidade da realización de actos no mes de maio.

28-29 de outubro de 2020
Celebrouse nestes días, na Aula de Cultura Xulio Cuns, o XXV Festival Internacional de Títeres *Galicreques* organizados pola Asociación Cultural *Barriga Verde* e o Concello de Betanzos. Este ano contou coa participación da compañía *A Xanela do Maxín* co espectáculo «A viaxe de Saira» dedicado a escolares do Concello.

1 de novembro de 2020
Con medidas de seguridade extraordinarias celebrouse a tradicional Feira de Santos, a pesares da situación epidemiolóxica e os peches perimetrais da Coruña e Ferrol e dos municipios limítrofes.

4-28 de novembro de 2020
Na Sala Jesús Núñez puido contemplarse a exposición de acuarelas «Gárgolas. El Ultimátum», do acuarelista Jesús Isidro González Durán.

7 de novembro de 2020
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «A compañeira de piso» interpretada pola compañía *Contraproduccións SL*. Foi organizada polo Concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

18, 23, 25 de novembro de 2020
Organizado polo Concello desenvolveuse o Obradoiro de poesía e escrita creativa «Construíndomos na escrita» e «Achegándonos á palabra» por conta das escritoras galegas Dores Tembrás e Antía Otero do colectivo *Apiario* para o alumnado de secundaria do IES As Mariñas.

20 de novembro de 2020
Clausurouse o obradoiro «Autonomía e inclusión: formación, empregabilidade», no que participaron os concellos de Abegondo, Betanzos, Carral, Coirós e Paderne e que foi promovido pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia en colaboración cos concellos participantes. O acto presidido pola alcaldesa, María Barral contou coa presencia do Delegado territorial da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor así como tamén algúns dos alcaldes dos concellos participantes.

20 de novembro de 2020
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o concerto «Fagamos un Bis» por conta de Carla López e Silvia Penide, patrocinado polo Fondo Xacobeo 21 da Xunta de Galicia coa colaboración do Concello.

21 de novembro de 2020
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Fillos do sol» interpretada pola compañía *Contraproduccións SL*, organizada polo Concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

25 de novembro de 2020
O Concello celebrou a campaña contra a violencia de xénero: «En Negro contra as violencias» na que participaron 120 entidades entre os que se repartiu diverso material como camisetas, mascarillas, bolsas e carteis. Editouse un vídeo coas fotos das persoas e entidades participantes. Betanzos sumouse tamén á campaña da Deputación: «De fronte á violencia de xénero». Así mesmo celebrouse un ciclo de cine con temática relacionada coa violencia machista.

28 de novembro de 2020
Dentro do programa de dinamización lingüística para público infantil *Sábados miúdos*, organizados polo Concello, celebrouse no Edificio Liceo o obradoiro de danza creativa para nenos e familias por conta de Laura Martínez de Xanzá *Movemento Eco-Creativo* de Betanzos.
Novembro de 2020
A poeta betanceira, Raquel Vázquez acadou o premio «El Ojo Crítico» de RNE de poesía 2020 pola súa obra «Aunque los mapas».
Decembro de 2020
En todo este mes e parte de xaneiro de 2021 desenvolveuse o programa de Festexos de Nadal, organizado polo Concello, que contou coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade, así como da Rede Cultural da Deputación da Coruña. O programa foi ilustrado por Zaira Bascoy Raposo do CEIP Francisco Vales Villamarín, que resultou gañadora do concurso de carteis de Nadal do Concello.
Decembro de 2020
Neste mes celebrouse na Aula de Cultura Xulio Cuns o XII ciclo de Teatro en Familia incluído na programación de Nadal do Concello dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña. As obras foron as seguintes: «Pavillón Lino» representada por *Caramuxo Teatro*; «Trogloditas» por *Taxarina*; «The Show Moscón» de *Galitoon* e «A nena e o grilo máis aló» da compañía *Magin Blanco*. Ao mesmo tempo celebrouse e ciclo Cine Familiar de Nadal.
4 de decembro de 2020
Patrocinado polo Concello celebrouse no Edificio Liceo o IX Memorial Carlos López García-Picos coa presentación do Cuarteto de cordas nº 11. «Cuarteto Festivo», A.84 do autor betanceiro, editado polo Grupo Beroly, coa intervención da violonchelista Teresa Morales.
9 e 10 de decembro de 2020
Tivo lugar o Obradoiro de poesía e escrita creativa «Construíndomos na escrita» por conta das escritoras galegas Dores Tembrás e Antía Otero do colectivo Apiario para o alumnado de secundaria do IES As Mariñas. Organiza o Concello de Betanzos.
10 de decembro de 2020
Neste día iniciouse a campaña do Concello «Merca, tan cerca» que tivo como obxectivo fomentar o consumo local e á que se sumaron 125 profesionais. Repartíronse 6.000 euros en tarxetas regalo.

14 de decembro de 2020
Neste día faleceu Mireille Madou, intelectual belga, autora de numerosos libros e traballos de investigación, especialista no Camiño de Santiago. Era natural de Bruxas onde foi enterrada. Na Biblioteca desta cidade permanecerá a súa extraordinaria Biblioteca e, por conseguinte, a colección do *Anuario Brigantino* que recibía puntualmente. Mireille Madou tivo unha relación epistolar con Alfredo Erias durante décadas e froito diso foi a súa doazón ó Museo das Mariñas, de Betanzos, dunha extraordinaria colección completa do Apostolado de Rubens en gravados do século XVII realizados a buril.

Foto: Maria Baars

19 de decembro de 2020
Presentouse na Asociación *Lar de Unta* o libro *Lareira de soños* da que é autora a betanceira, Pastora Veres. O libro foi editado por Edicións Fervenza e contou co patrocinio do concello de Guitiriz, da Deputación de Lugo, da Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta e de Gadis.
23 de decembro de 2020
Na Aula de Cultura Xulio Cuns celebrouse o Concerto e homenaxe a Ludwig van Beethoven no 250º aniversario do seu nacemento, por conta do quinteto *InVento*. Foi organizado polo Concello dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña.

Arriba, obras na igrexa de San Francisco. Abaixo, a xente nas fiestras e nos balcóns a unha hora fixada tódolos días para honrar ós traballadores da Sanidade e a outros que velaban por todos no tempo do confinamento derivado do Estado de Alarma, debido ó COVID-19. Fotos: Alfredo Erias.

OFICINA DE ACOGIDA AL PEREGRINO CATEDRAL DE SANTIAGO

Segundo L. Pérez López, Canónigo Delegado de Peregrinacións do Cabido da S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela, pola presente

FAGO CONSTAR:

Que se recibeu nesta Delegación unha petición de D. Alfredo Erias Martínez, coordinador do Grupo de Amigos do Camiño Norte (tramo Vilalba-Betanzos), como integrante do Camiño Norte Orixinal de peregrinación ó Sepulcro do Apóstolo Santiago.

Que nesta, se solicita que os peregrinos que camiñen por él poidan obter a tan desexada Compostela de conforme se peregrinou o Sepulcro do Apóstolo Santiago, meta da peregrinación xacobea.

Que conforme á documentación presentada e o correspondente estudo histórico, non cabe dúbida que este traxecto formaba parte do antigo Camiño Norte a Santiago de Compostela.

Por elo, ós peregrinos que recorran este tramo e que cumplan as condicións acostumadas e establecidas pola Oficina de Acollida o Peregrino concederáselle a Compostela como testemuño da sua peregrinación o Sepulcro do Apóstolo Santiago.

Dado en Compostela, xunto o Sepulcro do Apóstolo Santiago, a 15 de xullo de 2021.

OFICINA DEL PEREGRINO · S.A.M.I. CATEDRAL · SANTIAGO

Segundo L. Pérez López

Delegado de Peregrinacións

Cabido da S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela

Oficina de Acogida al Peregrino
S.A.M.I. Catedral de Santiago
Carretas, 33 · 15705 Santiago de Compostela

Tel: 981 568 846
oficinadelperegrino@catedraldesantiago.es
www.oficinadelperegrino.com

ESTE *ANUARIO BRIGANTINO 2020*, Nº 43, REMATOUSE DE IMPRENTAR NO PRELO DE LUGAMI EN BETANZOS O 15 DE XULLO DE 2021, CANDO D. SEGUNDO L. PÉREZ LÓPEZ, COMO DELEGADO DE PEREGRINACIÓNS DO CABIDO DA S.A.M.I. CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, EMITIU UN DOCUMENTO RECOÑECENDO QUE O TRAXECTO VILALBA-BETANZOS FORMA PARTE DO CAMIÑO NORTE ORIXINAL A SANTIAGO DE COMPOSTELA E, POR TANTO, ÓS PEREGRINOS QUE RECORRAN ESTE TRAMO «CONCEDERÁSELLES A COMPOSTELA»



Gracias Bexandos

Erias